



2025

7º RALLYE MARIÑA LUCENSE 2025

9, 10 e 11 de Maio 2025

REGULAMENTO PARTICULAR

PROVINCIA: LUGO

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE RALLYES 2025

www.rallyemarina.wordpress.com



FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO



DEPORTE GALEGO



DEPUTACIÓN DE LUGO



Deportes

VICEPRESIDENCIA



Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU



Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia



Consejo Superior de Deportes





ARTIGO 1 - PROGRAMA HORARIO

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
27/03/2025	10:00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego).	ON-LINE WWW.FGA.ES e-mail: rallyemarina@gmail.com Tífn.: 674 536 614
02/04/2025	10:00	Apertura de inscricións (resto de pilotos).	www.rallyemarina.wordpress.com
28/04/2025	20:00	Peche de inscricións	APP SPORTITY
02/05/2025	18:00	Publicación lista de inscritos	Marina2025
03/05/2025 04/05/2025 07/05/2025 08/05/2025	08:30 a 12:30	Distribución do libro de ruta, GPS e Nº de recoñecementos So se entregará no mesmo día que teña asignado o Equipo	Taller Km 0 Pol. Ind. Landrove Parcela 3-11 C.P. 27866 - Viveiro
03/05/2025 04/05/2025 07/05/2025 08/05/2025	09:00 a 21:00	Recoñecemento dos treitos cronometrados (o Road-Book entregárase o propio día que cada equipo teña asignado)	Nos treitos cronometrados
03/05/2025 04/05/2025 07/05/2025 08/05/2025	16:00 a 22:30	Devolución de GPS recoñecementos	Cafetería GALIPIZZA Viveiro (PIZZBUR), Rúa Suasbarras, s/n, 27850 Covas, Lugo.
03/04/2025 ata as 15:00 do 30/04/2025	Telemático Online	Verificacións Administrativas Telemáticas Online Obrigatorias Deberá estar presentada toda a documentación para admitir a inscrición antes da publicación da lista de inscritos	Completar o formulario google https://forms.gle/KB2jyHkaNdsxyef76 e-mail: rallyemarina@gmail.com
09/05/2025	14:15 a 15:30	Entrega de documentación do rallye, ademais ultima revisión e aportación de cambios ou documentos por parte dos equipos:	Nº 01 A Nº 69
	15:31 a 17:15		Nº 70 A Nº 140
	14:45 a 15:45		Nº 01 A Nº 35
	15:46 a 16:45		Nº 36 A Nº 70
	16:46 a 17:45		Nº 71 A Nº 105
	17:46 a 18:45		Nº 106 A Nº 140
	19:00	Hora límite presentación vehículos no Parque	Rua Espiñeiros Celeiro Viveiro
	19:15	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída A Cerimonia	atodomotor.com/online/2025/ APP SPORTITY Marina2025
	20:00	Cerimonia de Saída	Avda. da Mariña Viveiro
10/05/2025	00:00	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída 1ª Sección	atodomotor.com/online/2025/ APP SPORTITY Marina2025
	07:50	Saída 1º participante sección	Aparcamiento Pavillón Municipal de Viveiro
	10:30	Chegada 1º participante sección	Aparcamiento Grallal Rúa Suasbarras (Covas) C.P.27861 Viveiro, Lugo
	11:15	Saída 1º participante 2ª sección	
	14:20	Chegada 1º participante 2ª sección	
	15:20	Saída 1º participante 3ª sección	
	18:45	Chegada 1º participante 3ª sección	
	19:30	Saída 1º participante 4ª sección	
	21:55	Chegada 1º participante 4ª sección	Avda. da Mariña Viveiro
	22:15	Rolda de prensa dos tres primeiros clasificados	
	22:30	Verificación final e de oficio	Taller Km 0 Pol. Ind. Landrove Parcela 3-11 C.P. 27866 - Viveiro
	23:30	Reparto de premios e trofeos	
	23:30	Publicación de resultados	

Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados ou individuais):
Unha vez publicada a clasificación FINAL OFICIAL, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos** sen ter que esperar ás entregas de premios.



Hora límite de entrada a Parque de Asistencia:
Venres 09/05/2025 de 12:00 a 19:00
Sábado 10/05/2025 de 06:30 a 07:30

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS

Dende o día 10 de Abril ás 10:00 horas, ata o día 08 de Maio ás 20:00 horas estará situado na Escudería, sita en:

ESCUDERÍA MIX RALLYE SPORTS

Avd. Coruña N°327 4ª

C.P.:27003 de Lugo

Teléfono: 663 127 161 // 669 963 457

Páxina web: rallyemarina.wordpress.com

e-mail: mixrallyesports@gmail.com

[MARINA2025 | Sportity](https://www.sportity.com)



Dende o día 09 de Maio ás 10:00 horas, ata as 02:00 horas do día 11 de Maio, na Oficina Permanente do Rallye, sita en **Hotel Thalasso Cantábrico las Sirenas** Playa de Sacido s/n, 27850 Viveiro, Lugo e no parque de traballo, na Avd. Ramón Canosa En Celeiro, Viveiro

Todos eles poderán ser substituídos e eliminados, polo Taboleiro Oficial de Avisos Dixital da App Sportity

ARTIGO 2- ORGANIZACIÓN

A **ESCUDERÍA MIX RALLYE SPORTS** organiza o **7º RALLYE DA MARIÑA**, que se desenvolverá dende o día **9** ó día **11** de **Maio** do ano **2025**.

Este Rallye disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2025, o Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Rallyes, o presente Regulamento Particular da proba, o C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 10 de marzo de 2025.

A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA -014- RA.**

Artigo 2.2 - Comité de Organización

PRESIDENTE D. Ignacio José Davila Estévez

VOCAIS
Dª. Maite Vilanova López
D. Francisco López Vidal
D. Francisco López Teijeiro
D. Borja Vilanova Rio
D. Luis Vilanova López
D. Jose Luis Vilanova Pérez

SECRETARIO D. Ignacio José Davila Estévez

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

ESCUDERÍA MixRallyeSports

Rúa: Avd. Coruña 327 4ª

C.P.: 27003 Municipio: Lugo Provincia: Lugo

Teléfonos: 663 127 161 // 669 963 457

Web: rallyemarina.wordpress.com e-mail: mixrallyesports@gmail.com



Artigo 2.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Ignacio José Davila Estévez CD-00232-ESP/GA.

Director da Carreira-Oficina:

D. Ignacio José Davila Estévez DC-00232-ESP/GA.

Comisarios Técnicos da Escudería Verificacións Xerais:

Vocal: D. Francisco López Vidal JCT-00107-ESP/GA.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Jose Luis Vilanova López DC-0101-ESP/GA.

COMISARIO/CONTROLADOR:

Vermello D. Francisco López Teijeiro OD-00108-ESP/GA.

Vehículo "00" (DIRECTOR ADXUNTO NA ESTRADA):

Vermello D. Jose Luis Vilanova Perez DC-00051-ESP/GA.

Servizo Informático e publicación de tempos: ATODOMOTOR

Servizo de Ambulancias: NORDES

Servizos Médicos: E.M.S. GALICIA / AMBUSERTRANS

Centros Asistenciais: Hospital da Costa Burela, POLUSA, HULA, Juan Cardoma, e os designados por concerto pola CIA aseguradora Zurich.

Servizo de Guindastres: AUTOS RAMBA

- O servizo de guindastres será para retirar os vehículos participantes hasta fóra do treito de velocidade (saída ou meta a criterio do xefe de treito, soamente se fose posible e non tendo obriga de facelo), correndo por conta do participante calquera ampliación do servizo prestado que deberá negociar co responsable do guindastre, se fose posible.
- No caso de que algún vehículo accidentado ou avariado impida o paso polo treito de velocidade entre as pasadas do mesmo, a criterio do xefe de treito, será retirado polo guindastre ata o lugar mais próximo onde non interrompa o paso, se fose posible e non afecta o transcurso da proba, retirárase definitivamente ao remate da derradeira pasada.
- Só se retirarán os vehículos accidentados ou avariados unha vez rematada a derradeira pasada polo treito de velocidade, se fose posible e non afecta o transcurso da proba.
- A organización non ten a obriga de dispor dun guindastre con pluma, para realizar o rescate dos vehículos que queden fora da calzada. Así mesmo terá a disposición dos participantes ,o teléfono dalgún guindastre con pluma próximo o treito, por se algún participante o precisase.

Nota: En cumprimento da normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO numerado e datado, alomenos sete días antes da celebración da proba. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo.

O Vehículo Escoba pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza DC, agás o piloto do Vehículo "0" que deberá ter licenza de piloto, expedidas pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

ARTIGO 3 - PUNTUABILIDADE



O **7º Rallye Mariña Lucense** é puntuable para os seguintes Campionatos e Copas:

1. Campionato de Galicia de Rallyes sobre asfalto (pilotos e copilotos).
2. Campionato de Galicia de Rallyes de vehículos históricos (pilotos e copilotos).
3. Campionato de Galicia de Rallyes para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante colectiva única expedida pola F.G.A.).
4. Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 1.
5. Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 2.
6. Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 3.
7. Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 4.
8. Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 5.
9. Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 6.
10. Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 7.
11. Trofeos e Copas de Promoción que designe a F.G.A

ARTIGO 4 - Descrición

O **7º Rallye Mariña Lucense**, consta dun percorrido total de 283,76 **quilómetros**, dos cales **93,74 quilómetros** corresponden a 4 Treitos Cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico. Está dividido en **2 Etapas** e **5 Seccións**.

O Itinerario-Horario figura no Anexo VI do presente Regulamento.

No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións, así como os Controis Horarios, Recorridos alternativos, e Reagrupamentos.

O Rallye terá 4 Parques de Traballo, ademais do Parque de Traballo da noite do venres ó sábado.

Artigo 5 - Vehículos Admitidos. Publicados no Regulamento Xeral do CGR.

Artigo 6 - Concursantes Admitidos. Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 7 - Solicitud de Inscripción - Inscripcións

7.1.- Todo equipo que desexe participar no **7º Rallye Mariña Lucense**, terá que cumprimentar telemáticamente en www.fga.es o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e polo tanto se refúse a mesma. O xustificante de ingreso bancario terá que ser enviado ó e-mail: rallyemarina@gmail.com antes do peche do prazo de inscrición.

Os datos relativos ao copiloto poden ser completados ata as 20:00 do día 28 de Abril de 2025.

7.2.- O número de inscritos fíxase nun máximo de **140** vehículos.

7.3.- Os dereitos de inscrición deberán ser satisfeitos da seguinte forma:

Na conta corrente **ES15 2080 1219 4030 4000 4870 de ABANCA**

NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRIPCIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS

7.4.- Admitiranse Inscripcións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

7.5.- A orde de recepción da Solicitud de Inscripción, así como dos Dereitos de Inscripción, será determinante para a confección da Lista de Inscritos.

NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 6

Artigo 8 - Dereitos de Inscripción - Seguros



8.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

8.1.1.- 364€ (330€+34€ aluguer GPS) aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

8.1.2.- 694€ (660€+34€ aluguer GPS) NON aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

8.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos Dereitos de Inscrición.

8.3.- Os Dereitos de Inscrición comprenden o Seguro garantindo a Responsabilidade Civil fronte a terceiros, de acordo coa Regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

8.4.- Os Dereitos de Inscrición tan só serán reembolsados aos equipos cuxas inscricións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.

Artigo 9 - Hora Oficial do Rallye. Durante o transcurso do Rallye, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is.

Artigo 10 – Premios. Os premios e Trofeos que se entregarán serán aos 6 primeiros da Xeral (Piloto e Copiloto) e ós primeiros de cada Agrupación (Piloto e Copiloto) da seguinte forma:

CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH	
1º	1.500,00 Euros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
2º	1.100,00 Euros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
3º	825,00 Euros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
4º	625,00 Euros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
5º	375,00 Euros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
6º	325,00 Euros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)

AGRUPACIÓNS (1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7)	
1º	240,00 Euros e Trofeo
2º	120,00 Euros
3º	90,00 Euros

TOTAL PREMIOS	
7.900,00 Euros	

COPAS DE PROMOCIÓN	
1º	2 Trofeos (Piloto e Copiloto)

COPAS DE PROMOCIÓN: A FGA enviará os trofeos ó organizador para entregar ó 1º clasificado (piloto e copiloto) de cada copa de promoción.

Para recibir o premio acadado (tanto o metálico, como o trofeo), será indispensable a presenza na entrega de premios do piloto ou representante. No caso contrario, enténdese que se renuncia a eles, quedando en propiedade da organización.



Artigo 11 Encargado das relacións cos participantes

Según artigo 11.5 do Regulamento de Rallyes

Artigo 12 Super Rallye

Según artigo 15 do Regulamento de Rallyes. O anexo III contén o modelo de solicitude

Artigo 13 Super Especial

Según artigo 14.7 do Regulamento de Rallyes

Artigo 14 Shakedown

Artigo 15 Disposicións Contrarias A Normativa Xeral Da F.G.A.:

Según artigo 6.2 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. "O proxecto de Regulamento Particular deberá mencionar explicitamente, nun apartado diferenciado, tódalas súas disposicións que resulten contrarias a normativa xeral da F.G.A.". Deberán facer constas no regulamento particular a excepcións aprobadas pola F.G.A.

Don _____, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Director da Proba
D. Ignacio Davila Estévez
D.N.I. 36126937-D
Lic. DC-0232-ESP/GA

Xefe Seguridade Vial
D. J. Luis Vilanova López
D.N.I. 33.801.509-L
Lic. DC-0101-ESP/GA


Entidade: Escudería Mix Rallye Sports
D. Ignacio Davila Estévez (Presidente)
C.I.F.: G-27826403
Lic. DC-0232-ESP/GA

PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS


REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	09 de Maio de 2025	14:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en: HOTEL THALASSO CANTABRICO LAS SIRENAS Playa de Sacido s/n, 27850 Viveiro, Lugo
2ª	09 de Maio de 2025	19:00	
3ª	10 de Maio de 2025	22:00	

ANEXO I: MAPAS PARQUES PECHADO E DE TRABALLO


PARQUE PECHADO VENRES NOITE
PARQUES DE REAGRUPAMENTO



PARQUE TRABALLO



PARQUE PECHADO
SABADO NOITE





ANEXO III: MODELO DE SOLICITUDE PARA SUPER RALLYE

MODELO DE SOLICITUDE PARA SUPER RALLYE

AATT.: Dirección de Carreira e dos Sres. Comisarios Deportivos da proba _____

O Concursante (Escudería) _____ con número de licenza _____,
representando ó piloto _____ (Teléfono: _____) con
licenza _____ participante na citada proba, co dorsal número _____.

EXPÓN:

SOLICITA

RECIBIDO AS:

RRPP.:

Nº de Licenza:

En _____, a _____ de _____ de _____



ANEXO IV: SISTEMA GPS

1. Sistema GPS obrigatorio no Campionato de Galicia de Rallyes.

- a) A compra do soporte do GPS e obrigatoria (25 euros, IVA INCLUIDO).
- b) No Campionato de Galicia de Rallyes no desenvolvemento das probas, os vehículos de competición levarán obrigatoriamente instalado un sistema GPS. Será obrigatoria a utilización durante os recoñecementos programados polo organizador. Este sistema GPS servirá de seguimento dos vehículos de competición e servirá para alertar á Organización dos equipos de posibles incidencias ou bandeiras vermellas. Tamén servirá para que os equipos soliciten axuda de emerxencia pulsando o SOS.
- c) O GPS deberá ir montado no vehículo en un lugar dende lle chegue o Piloto e Copiloto por criterios de Seguridade.
- d) O CC.DD poderá facer uso dos datos do GPS para contrastar e poder aplicar sancións ou asignar tempos en caso de forza maior.

2. Funcionamento:

- a) O sistema deberá ter botón SOS que se deberá usar ÚNICAMENTE en caso de EMERXENCIA.
- b) Deberase manter pulsado segundo se indica nas instrucións, no momento que o equipo participante sufra ou vexa algún accidente que precise de axuda médica ou se atope en situación de risco para a seguridade.
- c) Cando o Director da Proba, ó seu exclusivo criterio, considere que a situación de emerxencia e risco finalizou, os GPS implicados serán desconectados e non transmitirán ningún sinal de alarma para non bloquear a canle a outros equipos.
- d) O uso indebido do mesmo, ou a utilización para comunicar calquera outro motivo que non sexa axuda médica ou situación de risco para a seguridade, será comunicado inmediatamente ós Comisarios Deportivos.
- e) A non utilización do sistema GPS por parte dun equipo, tras sufrir un accidente, rotura mecánica ou abandono da proba, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.

3. Bandeira vermella electrónica:

- a) Nas probas puntuables para o Campionato de Galicia de Rallyes, será obrigatorio o uso dos dispositivos de GPS utilizados para o sistema de bandeira vermella electrónica.
- b) A pantalla que indique a os membros do equipo que se activou a bandeira vermella electrónica, deberá ser de leds de alta luminosidade. Poderá mostrarse a bandeira vermella electrónica por medio de pantalla a cor ou siglas de alta luminosidade. O provedor de servizos deberá entregar as instrucións de uso do código de bandeira vermella electrónica, xunto cas instrucións do dispositivo.
- c) Só se pode activar/desactivar a bandeira vermella electrónica dende Dirección da Proba.
- d) Unha vez sexa mostrada a bandeira vermella electrónica no dispositivo GPS, o equipo deberá pulsar o botón que, dá conformidade á Dirección da Proba, de que se verificou a mensaxe de activación da bandeira vermella electrónica. Non pulsar o botón de conformidade de que o equipo recibiu a bandeira vermella, será motivo de penalización baixo criterio dos Comisarios Deportivos.
- e) Mostrada a bandeira vermella electrónica, o equipo deberá cumprir o estipulado neste artigo: Os Equipos a os que se mostre bandeira vermella Electrónica, deberán reducir a súa velocidade de forma inmediata e seguir as instrucións dos Comisarios de Ruta e dos membros dos vehículos de seguridade cos que se atopen. A velocidade máxima que poderá alcanzar un equipo ó que se lle mostrou bandeira vermella dentro do treito cronometrado, non poderá exceder de 80 km/ h. O Director da Proba, poderá facer uso do sistema GPS para verificar que se cumpre esta normativa. Non respectar esta regra comportará unha penalización baixo criterio dos Comisarios Deportivos.

4. Entrega devolución do aparello GPS:

- a) A entrega do dispositivo GPS realizarase nas verificacións técnicas.
- b) A devolución do dispositivo GPS realizarase no Parque Pechado ou Dirección de Carreira ó finalizar a proba, ou a un membro da organización designado a tal efecto.
- c) En caso de abandono na proba por avaría ou accidente, o equipo é o responsable de entregar o GPS na oficina da proba (Dirección da Proba) ou no lugar estipulado dentro do regulamento particular da proba. Deberase entregar a maior brevidade posible, e sempre antes da finalización da proba.

d) Durante a proba, calquera incidencia do GPS para cambiálo se falará co Relacións cos participantes para poder cambiálo.

e) O concursante que non devolva o dispositivo GPS, ou que devolvelo o faga en condicións defectuosas, será obxecto dunha multa económica. Este será o sistema de Alertas en caso dunha incidencia.

SPICA III

Manual de uso rápido



● NOTIFICACIÓN DE SOS

Para solicitude de atención médica inmediata ou notificación de vehículo que impide totalmente o paso de outros participantes.

+ Pulsar botón vermello e verde simultaneamente durante 2 segundos.



● NOTIFICACIÓN DE AVARÍA

Notificación de que un vehículo non pode continuar, pero non obstaculiza o paso. Pulsación botón vermello 2 segundos.



● CONFIRMACIÓN TODO OK?

Si desde dirección da carreira se solicita información do estado dos participantes. 3 posibles respostas:

Para indicar que está todo ben

+ Para indicar S.O.S.

Para indicar AVARÍA

alternando con pantalla completa en rojo.



● BANDEIRA VERMELLA / RED FLAG

A pantalla mostra as letras "RF" (Red Flag), alternando coa pantalla completamente en vermello.

O participante debera pulsar o botón Verde para confirmala lectura.

SPICA IV

Powered by **anubespport**



+

2 se



2 se



SOS avería OK



Para indicar que todo está bien




Para indicar **SOS**




Para indicar avería

BANDERA ROJA



La pantalla muestra el mensaje 'BANDERA ROJA' y la hilera de luces LED parpadea en rojo. El altavoz emite un fuerte pitido intermitente.

ZONA DE VELOCIDAD



MENSAJES Y PREGUNTAS



Luz amarilla intermitente



Luz amarilla intermitente



Luz amarilla intermitente



Luz amarilla intermitente